

## **Pero Mafaldo**

### Rubrica

- Senhor, por vós e polo vosso bem,  
que vos Deus deu, vem muito mal a mi;  
por Deus, senhor, fazed'o melhor i!

- Vedes, amig', o que vos farei en:  
se vos por mi, meu amigo, vem mal,  
pesa-m'ende, mais nom farei i al.

- Senhor fremosa, mais vos en direi:  
o vosso bem e vós e voss'amor  
me dam gram mal, que nom podem maior.

- Já vos dixi quanto vos en farei:  
se vos por mi, meu amigo, vem mal  
pesa-m'ende, mais nom farei i al.

- De vos pesar, senhor, bem est e prez,  
pero nom poss'eu per tanto viver  
se vós i mais nom quiserdes fazer.

- Já vo-lo dix'e direi outra vez:  
se vos por mi, meu amigo, vem mal,  
pesa-m'ende, mais nom farei i al

de que mi pesa: cuid'eu que é mal  
demais, amigo, demandardes-mi al.